

Lino Gorgoso López **Arqueólogo**

«En Brandomil revalorizamos un xacemento romano de gran relevancia»

Tamén dirixiu as escavacións no Castro de Vigo e A Lanzada [E. FORJÁN]



A Fundación Brandomil impulsa a investigación que dirixe Lino Gorgoso, con fondos do Concello e a Deputación [FACO RODRÍGUEZ]

Natural de Santa Comba, é licenciado en Historia coas especialidades de Prehistoria, Arqueoloxía e Historia Antiga, e doutorando pola USC. Dende o ano 2006 é arqueólogo en Adro Arqueoloxía e dende o 2019 exerce como director das escavacións arqueolóxicas no xacemento da época romana de Brandomil (Zas). Con Abel Vigo García, arqueólogo do Concello de Mondoñedo, Lino Gorgoso López é o autor do libro «Brandomil, vila soterrada», que recompila o traballo de investigación realizado pola Fundación Brandomil para impulsar a recuperación e defensa deste patrimonio xa datado.

—**Din que o seu é vocacional.**
—Desde pequeno quería ser arqueólogo e a miña familia xa era

moi afeccionada a visitar xacementos. En canto puiden fixen a licenciatura en Historia coas tres especialidades na USC. Logo, no 2010, fixen a tese de doutoramento e aínda que quería dedicarme á investigación, no 2006 entrei na arqueoloxía profesional e xa non o deixei.

—**Como chega a director?**

—Agás ese paréntese para a tese, non parei. Vivín períodos bos con outros non tan bos. Tiven a sorte de ter sempre traballo e permitíume ir afianzando a miña traectoria ata ser director e traballar co meu criterio. Como queira que empecei tan novo, acadei as miñas primeiras direccións con menos de trinta anos, algo que non é habitual, pero que permitíume dirixir escavacións tan importantes como no Castro de Vigo, o xacemento da Lanzada, en Sanxenxo, e agora Brandomil.

«O xeorradar e as probas de carbono 14 fan do xacemento un modelo»

«Hai partes de ata un metro de altura, algo imposible en Galicia»

—**Que agardan de Brandomil?**

—Neste mes de xuño retomaremos os traballos en Pedra do Altar, pois xa o Concello de Zas nos deu o visto bo e temos autorización de Patrimonio. E temos un proxecto no Camiño Real, que unía Negreira con Muxía, que vai a afectar á ponte, para darlle

un lavado de cara, con limpeza e iluminación, porque agora mesmo está tendo unha cantidade enorme de visitantes ao identificar a vía romana, que ten outra por debaixo, con trazados diferentes e que é a primeira vez que aparece outra por debaixo, o que certifica que nos séculos máis antigos, despois do cambio de era seguramente e ata o século IV e V, a única forma de chegar á Costa da Morte era por esta vía romana con todas as súas capas, e coas súas medidas canónicas. Co cal podemos enlazar co que era a Inventium da descuberta do corpo do Apóstolo Santiago, porque os seus discípulos van a Duio (Fisterria) para falar co xefe romano da zona para enterrar aquí ao Apóstolo, e se iso é certo, pois forma parte da lenda, vincula a Brandomil coa Inventium.

—**É un caso atípico en Galicia?.**

—O fito máis destacado, e que nos pon no mapa da investigación a nivel de Europa foi datalo ao utilizar a tecnoloxía máis moderna como son as probas de carbono 14, porque hai unha secuencia moi ampla de ocupación romana, pero existen dous momentos que son importantísimos e que son os queimados: as casas romanas aparecen queimadas e unha superposta á outra. Polos materiais sabíamos de que época eran, pero preferimos cerciorarnos e usar un método tan científico como é o carbono 14 e cun laboratorio dos máis potentes a nivel mundial, Beta Analytic Miami (EE UU). A primeira era de finais do século I e a segunda do ano 130 dc. É dicir, que trinta anos despois volvéuse queimar, increíble.



COMIDA PARA LLEVAR • REPARTO A DOMICILIO

RACIONES, HAMBURGUESAS, SANDWICHES, ENSALADAS, KEBABS, PASTAS, LASAÑA, COMIDA MEXICANA Y POSTRES

ESPECIALIDADES:

Pollo a la brasa, Pizzas, Comida venezolana

Rúa A Besada, 1 - baixo • MILLADOIRO
pizzerialucianos@gmail.com

981 59 46 47

Accede a toda nuestra carta escaneando el código QR y haz tu pedido llamando al Tel.:

